

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da nova vía de conexión Brión – Noia coa AC-543 en Sampaio AC/03/008/01.3.2.1.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a Comisión Galega de Coidados Paliativos.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se ordena á Asesoría Xurídica Xeral a interposición do recurso contencioso - administrativo contra o Real Decreto 1221/2010, do 1 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 134/2010, de 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministro e se modifica o Real Decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Cenlle, para a execución da obra de mellora de infraestruturas hidráulicas no Concello de Cenlle. Ourense, clave OH.532.769, polo importe de douscentos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

setenta e cinco mil cento sesenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (275.166,52 €).

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Paderne de Allariz á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Vivenda e Solo para subscribir e desembolsar accións por un importe de 2.792.700,00 € na ampliación de capital promovida pola sociedade Xestión Urbanística De Pontevedra S.A.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto "L.A.T. 66 KV s.t. parque eólico monte Neme – s.t. Cabana de Bergantiños", (Concellos de Carballo, Ponteceso, e Cabana de Bergantiños (A Coruña)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico ampliación Cova da Serpe, (concellos de Guitiriz e Friol), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a achega ao fondo Emprende, Fondo de Capital-Risco por un importe de catro millóns noventa e oito mil novecentos un con oitenta e catro euros (4.098.901,84 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria a validar o gasto da xestión operativa naval do Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa durante as estadas de investigadores da comunidade científica galega nos anos 2008 e 2009, por importe de un millón setecentos sesenta e catro mil trescentos cincuenta e nove con catorce euros (1.764.359,14 €)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible de centro de saúde de Ares, feita a título gratuito polo Concello de Ares (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo polo que se valida a omisión da autorización dos importes previstos para o ano 2010 da prórroga ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, subscrito entre o Instituto Policlínico Santa Teresa, SA e o Servizo Galego de Saúde e a autorización da cláusula adicional quinta do citado concerto pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables (ANEXO I) e o importe

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

estimado para o ano 2010, por un importe de sete millóns cento vinte e cinco mil euros (7.125.000 €).

- Acordo polo que se valida a omisión da autorización dos importes previstos para o ano 2010 da prórroga ao concerto do 16 de xaneiro de 2006, subscrito entre o Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, SA e o Servizo Galego de Saúde e autorización da cláusula adicional quinta do citado concerto, pola que se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables (ANEXO I) e o importe estimado para o ano 2010, por un importe de sete millóns seiscientos cinco mil euros (7.605.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico no Concello de Vimianzo, provincia da Coruña, a Festa da Faguía de Carnés.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico no Concello de Forcarei, provincia de Pontevedra, a Festa do Gaiteiro de Soutelo.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico no Concello do Pino, provincia da Coruña, a Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico no Concello de Marín, provincia de Pontevedra, a Festa de San Miguel e danza das espadas.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico no Concello de Cuntis, provincia de Pontevedra, a Festa do Lacón con Grelas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (CEHOSGA), para promocionar o emprego entre os seus asociados dos produtos da pesca artesanal e do marisqueo a través da marca "pescadeRías ¿de onde senón?" así como da denominación de orixe protexida "Mexillón de Galicia" impulsando o seu consumo para incrementar así a súa produtividade, por importe de cento doce mil euros (112.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO DO VIAL QUE SIGNIFICARÁ O PUNTO E FINAL DAS OBRAS DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE (VAC) BRIÓN-NOIA**

- *A realización desta nova vía supón a conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-543 en Sampaio*
- *Con esta obra, lograrase desconxestionar este núcleo de poboación dun tráfico pesado e abundante de vehículos, así mesmo conseguirase finalmente reducir os tempos de percorrido*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se da inicio ao proceso expropiatorio dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do novo vial de conexión do Corredor Brión-Noia coa estrada que une a cidade de Santiago de Compostela coa localidade coruñesa de Noia (AC-543) na altura do núcleo de Sampaio. Neste trámite, o Goberno galego fará unha inversión de máis de 140.000 euros.

Este vial suporá o punto e final das obras a Vía de Alta Capacidade (VAC) Brión-Noia, xa que o proxecto propón a construción dunha vía que arranca na glorieta Este, pertencente ao enlace de Sampaio e, dende dito punto e ao longo de 500 metros, descende ata a AC-543, onde se diseña unha glorieta circular.

Características técnicas

O tronco desta conexión terá tres carrís de 3,5 metros cada un, dúas beiravías de 1,5 m. e dúas bermas de 0,75 metros cada unha. Pola súa banda a sección da glorieta componse de dous carrís de 4 metros cada un; dúas beiravías, unha interior e outra exterior, ambas dun metro; e dúas bermas de 0,75 m. A velocidade de proxecto é de 60 km/h e a rampla máxima do 7 %.

Para levar a cabo estas obras, que teñen un presuposto de máis de 1,8 millóns de euros e que comezarán no primeiro semestre de 2011 e remataranse no 2012, necesitarase facer unha escavación e desmonte de 87.504 metros cúbicos e un terraplén ou pedraplén de máis de 33.600 m³; empregaranse case 5.000 m³ de formigón e máis de 101.600 quilos de aceiro. Así mesmo, realizarase a ordenación ecolóxica estética e paisaxística da zona; o drenaxe lonxitudinal e transversal; e a sinalización e balizamento.

A urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados na execución desta infraestrutura, xustifícase pola súa incidencia na seguridade vial, co fin de evitar riscos innecesarios para os veciños de Sampaio ao articular e conectar o Corredor brión Noia coa estrada AC-543.

Con esta obra, lograrase desconxestionar este núcleo de poboación dun tráfico pesado e abundante de vehículos, así mesmo conseguirase finalmente reducir os tempos de percorrido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Outra das necesidades para proceder de forma inmediata débese a entrada en funcionamento do mencionado Corredor.

O vial beneficiará a unha poboación de máis de 25.000 habitantes dos concellos de Noia e Porto do Son, e para levalo a cabo será necesario afectar a 177 fincas.



— Conexión do Corredor Brión - Noia coa AC-543 en Sampaio.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE CREA A COMISIÓN GALEGA DE COIDADOS PALIATIVOS

- *O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar un decreto polo que se crea este organismo*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar un proxecto de decreto polo que se crea a Comisión Galega de Coidados Paliativos como un órgano colexiado de carácter permanente e consultivo, dependente do Servizo Galego de Saúde e adscrito á Dirección de Asistencia Sanitaria deste organismo.

Esta Comisión Galega terá como funcións asesorar a Consellería de Sanidade e o Sergas en materia de coidados paliativos, así como emitir informes e realizar estudos sobre as cuestións de coidados paliativos que o departamento que dirixe Pilar Farjas considere de interese para a comunidade sanitaria galega. Ademais, a Comisión será o órgano de referencia en materia de coidados paliativos para as áreas de saúde.

Outras funcións da Comisión van ser colaborar na xestión da plataforma de coidados paliativos do Sergas, así como na elaboración de guías e protocolos sobre esta materia; promover que a asistencia, formación e investigación en coidados paliativos se desenvolvan de acordo co establecido no Plan Galego de Coidados Paliativos; e, ademais, contribuír a que a información sobre os coidados paliativos chegue tanto á cidadanía como aos profesionais.

Composición

A Comisión Galega de Coidados Paliativos estará composta polo presidente/a, que será a director/a de Asistencia Sanitaria do Sergas; polo vicepresidente, que será o subdirector xeral de Planificación e Ordenación Asistencial do mesmo departamento, por un secretario e por dez vogais (licenciados en medicina e cirurxía con dedicación aos coidados paliativos, licenciados en farmacia, diplomados en enfermaría con dedicación aos coidados paliativos, entre outros profesionais).

A periodicidade das reunións ordinarias da Comisión terá, como mínimo, carácter cuatrimestral. Tamén poderá reunirse con carácter extraordinario cando o dispoña o presidente ou o soliciten as dúas terceiras partes dos membros da Comisión. Así mesmo, a Comisión poderá acordar a creación de grupos de traballo para o estudo de temas concretos. Para a adopción de acordos no seo da Comisión ou nos grupos de traballo que se creen, será necesario o voto favorable da maioría dos seus membros.

Sinálase, igualmente, que a constitución e posta en funcionamento da Comisión Galega de Coidados Paliativos non xerará aumento dos créditos orzamentarios asignados á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINARÁ 9,9 MILLÓNS DE EUROS AO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS QUE RECIBIRÁN CASE 50.000 PENSIONISTAS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece o complemento extraordinario a favor das persoas beneficiarias das pensións non contributivas da seguridade social (PNCS), das que perciben o fondo de asistencia social (FAS) e das que cobran o subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)*
- *Os beneficiarios percibirán a axuda antes de que remate o ano*
- *Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas na data de entrada en vigor do decreto, ao día seguinte da súa publicación no DOG*
- *Non é necesario solicitar o complemento, xa que o pagamento se realizará de oficio unha vez que a Xunta comprobe na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas dúas condicións*

Case 50.000 galegos e galegas se beneficiarán antes do próximo mes de xaneiro do complemento extraordinario de 206 euros grazas ao proxecto de decreto autorizado hoxe polo Consello da Xunta polo que se establecen as axudas sociais de carácter extraordinario correspondentes ao ano 2010. O Goberno galego destinará ao pagamento do complemento extraordinario das pensións non contributivas máis de 9,9 millóns de euros.

A paga será a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; de persoas anciás e enfermas incapacitadas para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas e das persoas que presentan unha minusvalidez beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

O Goberno galego cumpre así o seu compromiso de renovar este complemento, que os pensionistas de Galicia cobrarán antes do mes de xaneiro. Os beneficiarios desta paga son persoas que se atopan nunha situación xeneralizada de precariedade económica, tendo en conta a contía da prestación que perciben e o seu baixo nivel de renda.

Para optar a estas axudas non é necesario que os beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que, directamente, percibirán o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas. Así, na actualidade case 50.000 galegos e galegas beneficiáanse das PNCS, un total de 34 das FAS e máis de 800 do SGIM.

Os que perciban estas axudas deberán cumprir dous requisitos: estar en situación de alta en nómina, é dicir ser xa pensionista na data de entrada en vigor do decreto (ao día seguinte da súa publicación no DOG) que vén de autorizar hoxe a Xunta e ter a residencia habitual en Galicia. Deste xeito, o pagamento realizarase de oficio a todas as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o que se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia.

O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da súa prestación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA PEDIRÁ A SUSPENSIÓN CAUTELAR DO DECRETO DO CARBÓN POLOS PERXUÍZOS QUE CAUSA A GALICIA**

- *Goberno galego incidirá nas repercusións no emprego e na recadación de impostos*
- *A normativa xa recibiu informes críticos da Comisión Nacional da Enerxía e da Comisión Nacional da Competencia*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo á decisión de presentar unha interposición ante o Tribunal Supremo previa ao recurso contra o decreto do carbón, na que solicita como medida cautelar a suspensión da normativa impugnada, xa que considera que, entre outras cousas, causa prexuízos de imposible ou difícil reparación para Galicia.

Precisamente ese é un dos requisitos que hai que acreditar para que se produza a suspensión e que a Xunta acreditará a través dun informe elaborado pola Consellería de Economía e Industria. O dito informe, que será achegado ao Tribunal Supremo, indicará as repercusións que provocará a aplicación do decreto.

Estas consecuencias céntranse nos efectos que terá o texto sobre as empresas que xeran enerxía eléctrica a partires do carbón de importación e de ciclos combinados de gas, así como as súas empresas auxiliares, que verán limitada a súa actividade. O informe analizará as repercusións sobre a rendibilidade dos investimentos realizados, as repercusións sobre o emprego e na recadación de impostos.

Tamén se fará constar os prexuízos que a aplicación do Real Decreto ocasionará no mercado enerxético xeral e nos prezos. De feito, recibiu informes moi críticos por parte da Comisión Nacional de Enerxía e da Comisión Nacional da Competencia, que chegou a afirmar que, aínda no caso de que a Comisión Europea aprobe a medida, non altera a súa conclusión sobre o efecto negativo do decreto sobre a eficacia e competencia dos mercados.

Outro dos requisitos para que o Tribunal Supremo acorde a suspensión que reclamará a Xunta é que se constate a inexistencia de perturbación grave para os intereses xerais ou para un terceiro, algo que a Xunta considera un feito, xa que o interese xeral tamén comprende o correcto funcionamento do mercado eléctrico, xunto á garantía do subministro.

Finalmente, a Xunta xustificará tamén a petición da suspensión cautelar ao considerar a nulidade da norma por omitir a necesidade dun novo ditame do Consello de Estado tras a decisión da Comisión Europea; pola oposición rigorosa, sólida e vehemente dos diferentes órganos consultivos que emitiron o seu parecer sobre o decreto; e por infrinxir a Lei reguladora do sector eléctrico en catro puntos do artigo 25.

MEDIO AMBIENTE ACHEGA MÁIS DE 275.000 EUROS PARA A MELLORA DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE CENLLE

- *O proxecto contempla a eliminación de tubaxes de fibrocemento e colocación de tubaxes de uso alimentario coas súas correspondentes pezas especiais*
- *Construirase unha estación de bombeo con bombas trituradoras e a súa impulsión que levará as augas a unha estación de bombeo situada a 635 metros e conectada coa EDAR municipal*
- *As obras tamén inclúen a mellora do acceso peonil ao paseo fluvial, acondicionando as dimensións e a drenaxe do túnel peonil que cruza baixo a vía do tren*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cenlle para a execución das obras de mellora de infraestruturas hidráulicas deste municipio.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, financia esta actuación hidráulica coa achega económica de máis de 275.000 euros.

O proxecto contempla a eliminación de tubos de fibrocemento e colocación de tubaxes de uso alimentario coas súas correspondentes pezas especiais. Estes traballos optimizarán o sistema de abastecemento do concello de Cenlle.

No que se refire a saneamento, construírse unha estación de bombeo con bombas trituradoras e a súa impulsión que levará as augas a unha estación de bombeo situada a 635 metros e conectada coa EDAR municipal.

As obras tamén inclúen a mellora do acceso peonil ao paseo fluvial, acondicionando as dimensións e a drenaxe do túnel peonil que cruza baixo a vía do tren. Cabe citar que os pavimentos afectados polos traballos serán repostos.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende solucionar problemas nas infraestruturas hidráulicas dos concellos galegos. Neste senso, as citadas actuacións de mellora beneficiarán máis de 1.500 habitantes deste municipio ourensán.

A Xunta de Galicia establece un prazo de execución de seis meses para a finalización destes traballos hidráulicos.

O CONCELLO OURENSE DE PADERNE DE ALLARIZ ADHIRESE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *Grazas a este acordo, o Concello de Paderne delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*
- *Con esta adhesión serán 53 os concellos sumados á APLU e 46 os convenios xa asinados, o que fai unha superficie total de 3.423 km² cun beneficio para máis de 198.600 habitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de adhesión entre o concello ourensán de Paderne Allariz e a Axencia da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O obxectivo principal deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste municipio. Con esta adhesión serán 53 os concellos sumados: á APLU e 46 os convenios xa asinados, o que fai unha superficie total de 3.423 km², cun beneficio a máis de 198.600 habitantes.

Con este acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas as administracións.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Condicións

En virtude deste convenio, o municipio de Paderne delega na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Entre outras disposicións, o Concello de Paderne de Allariz terá que prestar a cooperación e a asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias; facilitar ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE XESTUR PONTEVEDRA**

- *O IGVS subscribirá 2.792.700 euros, o que supón o 62,06 por cento do total*
- *Trátase da segunda ampliación de capital de Xestur Pontevedra desde abril de 2009 e está causada pola mala situación financeira en que atopou a sociedade o actual equipo de goberno.*

O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe autorizou ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir a ampliación de capital da empresa pública Xestur Pontevedra, ampliación que acada un importe total de 4,5 millóns de euros, dos cales corresponden ao IGVS 2.792.700 euros.

O resto da ampliación do capital de Xestur Pontevedra corresponde á Xunta de Galicia (1.431.450 euros) e á Deputación Provincial de Pontevedra (275.850 euros).

Esta é a segunda ampliación de capital realizada en Xestur Pontevedra desde o cambios de goberno. A desastrosa situación financeira en que o actual equipo de dirección atopou a sociedade obrigou a unha primeira ampliación de capital por un importe total de 4,5 millóns de euros, ampliación que se realizou a finais de 2009.

Coa ampliación de capital, o Instituto Galego da Vivenda e Solo seguirá contando coa maioría do capital de Xestur (62,06 por cento), mentres a Consellería de Economía e facenda dispón dun 31,81 por cento do capital e a Deputación Provincial de Pontevedra dun 6,13 por cento.

AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE XESTUR PONTEVEDRA

ORGANISMO	% PARTICIPACIÓN	IMPORTE
IGVS	62,06	2.792.700
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA	31,81	1.431.450
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	6,13	275.850
TOTAL		4.500.000

A XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EÓLICO COVA DA SERPE COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL E TAMÉN DA LAT PARQUE EÓLICO MONTE NEME-CABANA DE BERGANTIÑOS

- *O parque de Cova da Serpe contará con 12 aeroxeradores e unha potencia instalada de 25,2 MW*
- *A liña de alta tensión 66 KV S.T. permitirá a inxección no sistema eléctrico da enerxía limpa xerada polo parque eólico de Monte Neme*
- *A Xunta avanza na recuperación do liderado eólico galego, e reforza a súa aposta estratéxica de aproveitamento dos recursos autóctonos mediante as enerxías renovables*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación do parque eólico Cova da Serpe como proxecto de incidencia supramunicipal. O Goberno da Xunta vén de tomar esta decisión, logo de que o proxecto conte con todos os pronunciamentos favorables por parte dos departamentos implicados e tamén aprobou hoxe a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de liña de alta tensión 66 KV S.T. Parque eólico Monte Neme-S.T. Cabana de Bergantiños.

Por unha banda, o parque eólico Cova da Serpe contará con 12 aeroxeradores e unha potencia instalada de 25,2 MW. Deste xeito, os planeamentos dos concellos de Guitiriz e Friol quedan vinculados ás determinacións contidas no proxecto.

Isto garantirá a axeitada inserción no territorio das infraestruturas, dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos existentes, a súa adaptación ao contorno en que se atopen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

Ademais, no que se refire á liña de alta tensión 66 KV S.T. Parque eólico Monte Neme-S.T. Cabana de Bergantiños", as determinacións contidas no proxecto vincularán o planeamento dos concellos de Carballo, Ponteceso e Cabana de Bergantiños, todos eles na provincia da Coruña.

Este proxecto permitirá a inxección no sistema eléctrico da enerxía limpa xerada polo parque eólico de Monte Neme, e enmárcase dentro da aposta estratéxica da Xunta de Galicia de aproveitamento dos recursos autóctonos mediante a implantación das enerxías renovables co fin de facer de Galicia unha comunidade líder no aproveitamento das enerxías limpas. De xeito que para cumprir o devandito obxectivo, o Goberno galego marca como obxectivo para o ano 2015 producir con fontes renovables máis do 95% do consumo de electricidade.

Asemade, cómpre lembrar que os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social, cando a súa incidencia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

transcenda do termo municipal en que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou se asenten sobre varios termos municipais.

ECONOMÍA E INDUSTRIA REFORZA O FONDO DE CAPITAL RISCO EMPRENDE CUNHA ACHEGA DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR NOVOS PROXECTOS EMPRENDEDORES

- *A ampliación de capital autorizada polo Consello da Xunta permitirá a este fondo participar no impulso e financiamento de novas iniciativas empresariais innovadoras*
- *Gobernado por Xesgalicia, ten como obxecto principal o financiamento de novas iniciativas empresariais, especialmente aquelas impulsadas por novos emprendedores, as de nova creación con posibilidades de desenvolvemento e as que acometan actividades innovadoras e/ou apliquen novas tecnoloxías*

A través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Consellería de Economía e Industria incrementará en 4.098.901,84 euros os recursos do fondo de capital risco Emprende, segundo vén de autorizar o Consello da Xunta. O fondo Emprende, xestionado por Xesgalicia, ten como obxecto principal a participación no capital de novas iniciativas empresariais, especialmente aquelas impulsadas por novos emprendedores, as de nova creación con posibilidade de desenvolvemento, e aquelas que acometan actividades novidosas e/ou apliquen novas tecnoloxías.

Para que o Emprende poida apoiar, mediante participacións en capital e/ou préstamos, novos investimentos emprendedores en estudo, o Igape ampliará a súa participación - maioritaria- no Emprende mediante a subscripción de 682 novas participacións por un valor que supera os catro millóns de euros. A ampliación total prevista ascende a 5.306.935,96 euros. Ademais do Igape, participan no fondo de capital risco Emprende as caixas de aforros galegas.

Para as empresas obxecto de investimento, a toma de participación e/ou concesión de préstamos por parte do fondo Emprende supón unha fonte de financiamento, polo que contribúe á súa estabilidade financeira, engadíndolles credibilidade. Asemade, a participación deste fondo contribúe á profesionalización da xestión empresarial, colaborando na busca de financiamento adicional e apoiando a internacionalización, entre outros servizos.

A ampliación do capital do fondo Emprende forma parte das numerosas e variadas actuacións impulsadas pola Xunta de Galicia para procurar que as restricións financeiras non impidan o emprendemento nin a posta en marcha de novos investimentos empresariais. Así, para apoiar as iniciativas dos novos emprendedores a Consellería de Economía e Industria impulsou este ano, a través do Igape, programas de subvencións como o re-Emprende, así como o fondo de capital risco Xes-Innova, que acaba de pórse en marcha para apoiar proxectos especialmente innovadores nas primeiras fases de desenvolvemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA FINANCIA OS GASTOS DO BUQUE OCEANOGRÁFICO SARMIENTO DE GAMBOA EN 2008 E 2009, CON PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS

- *A contía será aboada pola Consellería de Economía e Industria ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)*
- *Deste xeito, a Xunta cumpre cos pagamentos estadías de investigadores galegos no barco, coa fin de mellorar o coñecemento dos recursos naturais da costa galega*
- *A Consellería, consciente das posibilidades tecnolóxicas da embarcación, propuxo establecer vías de colaboración co CSIC para asumir eses gastos*

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar na súa xuntanza desta mañá á Consellería de Economía e Industria o pagamento das estadías dos investigadores galegos no Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa durante os anos 2008 e 2009.

Neste período leváronse a cabo proxectos de investigacións pola comunidade científica galega que ascenden a un total de 1.764.359,14 euros e que até agora atopábanse pendentes de pagamento á entidade responsable do buque, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

Ditas estadías buscan mellorar o coñecemento dos recursos naturais da costa galega, así como formar a persoal especializado de institucións de Galicia –finalidade para a que se reserva anualmente 45 días do tempo de operación da embarcación-.

A Consellería de Economía e Industria, consciente das posibilidades tecnolóxicas do Sarmiento de Gamboa, e coa idea de que Galicia conte con grupos de investigación cada vez máis competitivos no eido das ciencias mariñas, mostrou o seu interese en establecer vías de colaboración co CSIC para asumir eses gastos, unha proposta que foi finalmente autorizada no Consello da Xunta de hoxe.

A Xunta de Galicia asinou o 23 de decembro de 2003 un convenio específico de colaboración co Ministerio de Ciencia y Tecnología e o CSIC para a construción e xestión dun buque de investigación oceanográfica. Froito deste acordo naceu o Sarmiento de Gamboa, destinado principalmente a facer investigación en augas do Océano Atlántico e con capacidade para desenvolver investigacións multipropósito ou cubrir todas as áreas das ciencias mariñas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ 2,2 MILLÓNS DE EUROS NA
CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE ARES**

O Consello da Xunta vén de aprobar un acordo de autorización da cesión do inmovible do centro de saúde de Ares, feita a título gratuito por este municipio a favor do Servizo Galego de Saúde.

Para tal efecto, o departamento que preside Pilar Farjas Abadía ten previsto destinar a cantidade de 2,2 millóns de euros na construción dun centro de saúde no dito inmovible, que constará de 5 consultas de medicina xeral, 3 consultas de enfermaría, 1 consulta para a matrona, unha sala de educación maternal, unha sala de extraccións e, ademais, unha sala polivalente. Así mesmo, o centro disporá dunha consulta de pediatría e doutra para enfermaría de pediatría.

Engadido a todo o anterior, o centro terá, tamén, área de administración, arquivo de historias clínicas, almacén e outros servizos comúns.

O concello de Ares ten na actualidade máis de 4.700 tarxetas sanitarias individuais, das cales máis de 500 corresponden a pacientes en idade pediátrica (menores de 15 anos) e máis de 4.200 ao resto da cidadanía.

Os recursos humanos están formados por tres médicos de familia, un pediatra, unha matrona, tres profesionais de enfermaría e dous de servizos administrativos.

A actividade asistencial do centro de saúde entre os meses de xaneiro e agosto do presente ano foi de 20.097 citas de medicina xeral, 2.443 de pediatría e 12.195 de enfermaría de pediatría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**APROBADOS OS ACORDOS ENTRE O SERGAS E OS CENTROS SANITARIOS SANTA TERESA E SAN RAFAEL PARA A ACTIVIDADE QUE SE REALIZARÁ EN 2010**

- *Redúcense as tarifas vixentes nun 5% en cumprimento das medidas de austeridade establecidas*
- *Establécense as iniciativas necesarias para o fomento da prescrición por principio activo*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá os acordos do Servizo Galego de Saúde co Instituto Policlínico Santa Teresa e o Instituto Médico Cirúrxico San Rafael.

Estes textos autorizan para sinatura de cláusulas adicionais aos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e estes centros sanitarios, mediante as cales se actualiza a carteira de servizos, os conceptos facturables e as tarifas aplicables, así como o importe estimado para o 2010, en relación á prestación dos servizos sanitarios ofrecidos por estes centros a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Sergas.

Así, en cumprimento das medidas de austeridade establecidas a partir do 1 de xullo de 2010, redúcense as tarifas vixentes nun 5%. Polo tanto, o acordo entre o Sergas e o Instituto Policlínico Santa Teresa para 2010 é por un importe de 7.125.000 euros; e co Instituto Médico Cirúrxico San Rafael, de 7.605.000 euros.

Así mesmo, no contexto da Estratexia Sergas 2014, nas cláusulas aos acordos establécense tamén as iniciativas necesarias para o fomento da prescrición por principio activo, co obxectivo de reducir o gasto para garantir a sustentabilidade do sistema sanitario público.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA CINCO NOVAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA EN VIMIANZO, O PINO, FORCAREI, MARÍN E CUNTIS

- *A Consellería de Cultura e Turismo elevou para a súa aprobación o recoñecemento da Faguía de Carnés (Vimianzo), a Festa do galo piñeiro e mostra cabalar (O Pino), a Festa do gaitero de Soutelo de Montes (Forcarei), a Festa de San Miguel e danza das Espadas (Marín) e a Festa do lacón con grelos (Cuntis)*
- *Para a declaración destas celebracións, valoráronse diferentes criterios como a antigüidade, a singularidade, o arraigo e o valor cultural que posúen dentro do panorama cultural galego*
- *A declaración ten importantes repercusións sobre a dinamización económica e social destas localidades, ao tempo que contribúe á promoción de todos os recursos turísticos das comarcas*

O Consello da Xunta vén de declarar como festas de interese turístico de Galicia, a Faguía de Carnés (Vimianzo), a Festa do galo piñeiro e mostra cabalar (O Pino), a Festa do gaitero de Soutelo de Montes (Forcarei), a Festa de San Miguel e das espadas (Marín) e a Festa do lacón con grelos (Cuntis). A antigüidade dos eventos (dez anos de existencia como mínimo), a súa singularidade así como o arraigo e o seu valor cultural foron os criterios que se tiveron en conta á hora do seu recoñecemento oficial desde a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo.

As cinco festividades demostraron cumprir os requisitos establecidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, sobre a declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, tal e como valorou a comisión de valoración de festas de Galicia de interese turístico, reunida para tal efecto en Santiago o día 6 de setembro para tratar este asunto.

A declaración dunha festa como de interese turístico autonómico ten importantes repercusións sobre a dinamización económica e social da localidade onde se celebra. Esta declaración constitúe, ademais, un recoñecemento especial ao acontecemento festivo, o que supón que acada unha difusión que transcende os ámbitos territoriais propios e contribúe á promoción de todos os recursos turísticos, tanto do lugar de celebración en si como da comarca na xeral na que se sitúa.

Faguía de Carnés de Vimianzo

A Faguía de Carnés celébrase cada 9 de xullo desde o ano 1981 no concello coruñés de Vimianzo. Trátase dunha festa que, ademais da importante exaltación gastronómica, contén unha serie de compoñentes que aluden a tradicións moi antigas e asentadas na poboación local, como o ritual de virar a tella para que non chova o día da festa ou a poxa que se celebra no adro da igrexa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Faguía ten a súa orixe na festa dos confrades da confraría de San Cristovo, creada no 1608, que se celebrou case sen interrupcións ata os anos 70 e se retomou en 1981. Co tempo, foise transformando nun xantar para os pobres e na actual festa gastronómica, cunhas características que lle dan un aspecto singular en toda a Costa da Morte.

O xantar celébrase nunha cerca construída no século XIX dedicada exclusivamente a esta fin, polo que permanece pechada o resto do ano. A situación da cerca correspóndese co punto de ordenación do territorio sagrado vinculado ao castro da parroquia e ao monte Croado.

O arraigo da festa fai que conte cunha participación de 2.000 persoas.

Festa de San Miguel e danza das Espadas

A Festa de San Miguel e danza de Espadas celébrase en Marín desde o ano 1637, segundo figura no Libro de Contas da Confraría de Mareantes da localidade pontevedresa. A festividade realízase de maneira ininterrompida o 29 de setembro de cada ano desde que, en 1953, o Ateneo de Santa Cecilia a fixou como unha das súas prioridades.

A singularidade desta confraría nunha vila e vinculada ao mar constitúe un elemento de unión para os mariñeiros da zona, que desde sempre contribuíron ao sostemento da danza.

A danza das Espadas é un xesto relixioso espontáneo e expresivo, formado por persoas da vila, crentes, rudos e curtidos homes do mar, baixo a invocación do seu patrón San Miguel, que conta cunha das primeiras imaxes doadas inicialmente polos confrades para sacala en procesións polo mar ou ante o perigo de ataque das tropas inglesas.

Festa do gaitero de Soutelo de Montes

Celébrase cada 16 de agosto en Forcarei desde o comezo do século XX, e máis regularmente desde fai trinta anos. A festa xurdiu grazas á iniciativa de Avelino Cachafeiro e os seus irmáns, grandes amantes da música popular, que chegaron a tocar con gran éxito en varias cidades de Sudamérica e mesmo nas Olimpíadas de Amberes.

Avelino Cachafeiro foi un autodidacta que aprendeu a tocar nos instrumentos do seu avó. En 1924 foi proclamado mellor gaitero de Galicia nun certame celebrado en Santiago.

A festa conta cun gran número de participantes, á cal asisten ao redor de 750 músicos, autoridades e espectadores de todo o territorio galego e das comunidades limítrofes, así como de Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Festa do lacón con grelos de Cuntis**

Ten lugar, desde o 22 de febreiro de 1998, cada domingo seguinte ao domingo de Entroido. A festa xurdiu pola iniciativa de todos os veciños, que xogan un importante papel na súa organización, como unha das citas de máis arraigo da zona.

O valor cultural desta festa vén marcado fundamentalmente pola celebración dunha serie de actividades que teñen como obxectivo principal a posta en valor da gastronomía galega, así como do patrimonio cultural e natural. Unha das tradicións locais máis importantes que contribúe a manter esta festa é a do enterro do chapante.

A difusión do medio rural; a recolla, catalogación e posta en valor do patrimonio histórico, con especial atención ao coidado do núcleo histórico do concello así como o cultivo e coidado que se realiza da camelia, a flor de Galicia por excelencia, son outros dos aspectos culturais que contribúen a afianzar esta festa.

Festa do galo piñeiro e mostra cabalar do Pino

Celebrouse por primeira vez no ano 1999. Ata o ano 2008 tivo lugar a primeira fin de semana de agosto, ampliándose o ano pasado a tres días consecutivos, que foron o 31 de xullo, e o 1 e 2 de agosto.

Esta festividade naceu co fin de recuperar o galo piñeiro, orixinario deste concello, e poñer en valor este produto a través das mellores parellas de galos. Así, entre as actividades destacadas, figura a exposición de galos vivos con entrega de premios aos mellores, a degustación gratuíta do galo piñeiro, o pregón e o xantar a base de galo. Ademais, tamén se realiza unha mostra cabalar con exhibicións e premios en todas as categorías e diversos espectáculos ecuestres.

Na última edición celebrouse a I Festa Celta, co obxectivo de ambientar as rúas de Arca na época dos celtas, a civilización encargada de introducir a especie do galo piñeiro en Galicia. Ademais dos habituais postos de venda que ambientan as rúas, desenvolvéronse diversos obradoiros demostrativos como a creación de lá, de obxectos fabricados de hasta, os cornos de chamada, os cazos de beber e gardar a pedra de afiar, etc., e demostracións artesanais de oficios como a prataría, a bixutaría, a arte floral, o coiro, a correaría, o vidro, a corta de madeira, as candeas artesanais, a destilación de esencia e trallos con óso, entre outras.

A festa en honra desta especie, moi pouco estendida en Galicia, congrega actualmente máis de 15.000 asistentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DO MAR PROMOCIONA O MEXILLÓN E OS PRODUCTOS DA PESCA ARTESANAL GALEGA ENTRE OS RESTAURANTES DE ALTA CATEGORÍA DE GALICIA**

- *A Consellería do Mar potencia os produtos da marca 'PescadeRías' e da DOP Mexillón de Galicia nos establecementos de tres, catro e cinco garfos a través dun convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia*

A Consellería do Mar potenciará os produtos da pesca artesanal e do marisqueo da marca *PescadeRías* e da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia nos restaurantes de alta categoría de Galicia. Farao a través dun convenio de colaboración entre este departamento e a Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (CEHOSGA), que hoxe autorizou o Consello da Xunta, para impulsar o seu consumo.

A Consellería do Mar destinará 112.00 euros a promover o emprego destes produtos entre os establecementos de tres, catro e cinco garfos que sexan asociados de CEHOSGA, o que servirá para mellorar a valoración económica e potenciará a competitividade dos produtos amparados por ambas as marcas de calidade. O acordo contempla accións de información, promoción e formación continua entre os asociados de CEHOSGA para a incorporación, emprego e preparación dos produtos da marca *PescadeRías* na restauración galega. Ademais inclúe tamén a promoción do Mexillón de Galicia a través de Xornadas Gastronómicas, a creación do "premio á excelencia" na preparación de produtos procedentes da pesca artesanal e o marisqueo e unha páxina web.

A entidade agrupa mais de 40.000 establecementos hostaleiros na nosa comunidade e caracterízase por impulsar diversas accións destinadas á promoción da actividade empresarial e turística en Galicia

Diferenciación e calidade dos produtos galegos

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o seu coñecemento e incrementar a súa competitividade. Neste senso, a marca *PescadeRías*, *¿de onde se non?* constitúe un selo de identificación que acredita que os produtos pesqueiros foron capturados como máximo 24 horas antes da súa primeira venda, están convenientemente identificados, gozan dun alto nivel de frescura e se comercializan nunha lonxa que cumpre determinados requisitos. Mar pretende con isto acadar a diferenciación coa intención de xerar un valor engadido dos produtos da pesca e o marisqueo. Con este selo potenciase, ademais, o consumo responsable dos peixes e mariscos obxecto de certificación, evitando fraudes na comercialización.

Na mesma liña, a Denominación de Orixe Mexillón de Galicia representa unha boa ferramenta para velar polo prestixio e identificación do mexillón cultivado en Galicia,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

aplicando os sistemas de control de calidade establecidos e fomentando e promovendo o seu consumo.

A Consellería pretende con este acordo incrementar o consumo destes produtos en restaurantes de categoría superior, xa que as súas estratexias baséanse na diferenciación do produto ofrecido ao público. Este tipo de establecementos potencian a calidade da súa materia prima nas cartas como un elemento diferenciador importante á hora de ofrecer un servizo de calidade aos seus clientes.